
ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES	2
2	OBXECTIVOS DA REVISIÓN DA PLANIFICACIÓN	8
2.1	ALCANCE E CONTIDO DO PLAN SECTORIAL EN VIGOR.....	12
2.2	ALCANCE DA REVISIÓN PROPOSTA DO PLAN SECTORIAL	14
3	DESENROLO DA REVISIÓN DO PLAN	17
4	EFFECTOS PREVISIBLES DO PLAN REVISADO	23
4.1	AMBIENTAIS	26
4.2	SOBRE O TERRITORIO	27
4.3	SOBRE OUTROS PLANS.....	28
4.4	SOBRE NORMATIVA APLICABLE.....	29

1 INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES

Este documento, Documento Inicial, redáctase como inicio do trámite de Avaliación Ambiental da Revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa.

A “Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente”, traspón a “Directiva 2001/42/CE do parlamento Europeo e do consello, de 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente” á lexislación española.

Na exposición de motivos desta lei exprésase o seguinte:

“Esta lei, por tanto, introduce na lexislación española a avaliación ambiental de plans e programas, tamén coñecida como **avaliación ambiental estratéxica**, ...”

A avaliación ambiental estratéxica componse dunha serie de pasos e trámites administrativos cuxo fin derradeiro é “...garantir que as repercusións previsibles sobre o medio ambiente das actuacións inversoras sexan tidas en conta antes da adopción e durante a preparación dos plans e programas nun proceso continuo, ...”.

O procedemento comeza coa notificación á autoridade ambiental do comezo dos traballos do plan ou programa. A **Revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia-Costa** circunscríbese ás concas internas de Galicia cuxa administración atópase traspasada á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real

Decreto 2792/1986, dentro do que se detallan as competencias traspasadas, entre as que se encontran:

- “Programación, aprobación, execución e explotación de aproveitamentos hidráulicos e demais obras hidráulicas que se realicen no territorio de Galicia, que non sexan de interese xeral e que a súa realización non afecte a outra comunidade autónoma,”
- “Ordenación e concesión de recursos hidráulicos en tódalas concas hidrográficas comprendidas íntegramente dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia entre o Eo e o Miño, excluídos ámbolos dous, así coma o outorgamento de autorizacións para o verquido en cauces públicos e a policía das augas e cauces de ditas concas. Todo iso de conformidade coa lexislación do estado en materia de augas e no marco dos plans hidrolóxicos aprobados por este”
- “Elaboración do plan hidrolóxico das concas ás que se refire o apartado anterior”

Por iso a autoridade ambiental da avaliación ambiental da **Revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa** é a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Xunta de Galicia. A este organismo diríxese este documento de inicio de procedemento, que recolle os temas seguintes: obxectivos da planificación; alcance e contido da revisión da planificación, das propostas e das súas alternativas; o desenrolo

previsible do plan; os efectos ambientais previsibles; os efectos previsibles sobre elementos do territorio, sobre a planificación implicada e sobre as normas a aplicar.

O organismo promotor do plan sectorial actualmente en vigor, e da revisión en progreso, é, de acordo co establecido na "*Lei 8/1993, de 23 de xuño, reguladora da administración hidráulica de Galicia*", o organismo autónomo Augas de Galicia, que se encontra adscrito, actualmente, á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible xa que segundo o artigo 7, apartado 2 da citada lei, correspóndelle ó citado organismo "*a administración e control do Dominio Público Hidráulico*".

O 29 de novembro de 2001 o Consello da Xunta de Galicia acorda aprobar definitivamente como plan sectorial de incidencia supramunicipal o Plan Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa, que foi declarado, por acordo de 10 de maio de 2001, de incidencia supramunicipal para os efectos previstos na "*Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia*" e no "*Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal*".

O "*Decreto 110/2004, de 27 de maio, polo que se regulan os humedais protexidos*" impón unha modificación do **Plan Hidroeléctrico das Concas hidrográficas de Galicia Costa**, para adaptalo ós seus contidos.

O "*Decreto 555/2005, de 10 de novembro, polo que se adoptan medidas provisionais en relación coa utilización do dominio público hidráulico*" expón:

“Estas actuacións prioritarias e a nova análises das necesidades en materia de administración hidráulica existentes en Galicia, así coma o feito de que determinadas zonas do dominio público hidráulico están en risco de sobreexplotación, obrigan e motivan unha reformulación e adaptación do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa”.

Os artigos 1º e 2º, do Decreto 555/2005, fundamentan a base legal para os traballos de **Revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa**:

“Artigo 1º

Acordar a iniciación dos trámites para a revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa, de conformidade co disposto no Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal”.

“Artigo 2º

Suspender a tramitación administrativa das solicitudes de concesións de aproveitamentos hidroeléctricos de augas públicas ata a aprobación da revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas de Galicia Costa a efectos de adaptación das necesidades de utilización do dominio público hidráulico á revisión de dito plan sectorial”.

As novas condicións impostas en canto á xestión da auga pola publicación da Directiva Marco da Auga, "Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas", trasladada á lexislación española mediante a "Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orden social" que modifica o "Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, do texto refundido da Lei de Augas" fai necesario adaptar aqueles plans que teñen relación coa auga, os seus obxectivos. Estes son:

- A prevención do deterioro adicional e a protección e mellora dos ecosistemas acuáticos, así como dos ecosistemas terrestres dependentes.
- A promoción dos usos sostibles da auga.
- A protección e mellora do medio acuático.
- A redución da contaminación das augas subterráneas.
- A paliación dos efectos de inundacións e secas.

Para alcanzar ditos obxectivos a DMA introduce dous novos enfoques fundamentais na política de augas da Unión Europea:

- Un enfoque medioambiental: prevención do deterioro adicional e consecución do "bo estado ecolóxico" das augas continentais e costeiras.
- Un enfoque de xestión: novo modelo de xestión hídrica no ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, baseado nunha nova política de prezos que permita a recuperación de custes dos

servicios relacionados coa auga e que proporcione incentivos para o uso eficiente dos recursos hídricos.

Por todo isto comézase a **Revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa**, e o cumprimento da lexislación vixente en temas de avaliación ambiental coa redacción deste **Documento Inicial**.

2 OBXECTIVOS DA REVISIÓN DA PLANIFICACIÓN

○ **Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa** aprobado definitivamente no Consello da Xunta de Galicia, o 29 de novembro de 2001, implica todas aquelas concas internas de Galicia que non afectan dalgunha forma a outra Comunidade Autónoma ou sexan transfronterizas.

calquera infraestrutura básica requirida polo citado plan, cando afecte a máis dun concello.

O **Plan Hidrológico de Galicia Costa** é aprobado pola Xunta de Goberno de Augas de Galicia o 17 de Outubro de 2000 e aprobado polo "*Real Decreto 103/03, de 24 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrológico de Galicia Costa*". No artigo 2.108 das súas normas, establece como marco normativo xeral para a posible implantación de aproveitamentos hidroeléctricos en Galicia Costa o seguinte:

"Determinar, a través do presente Plan, o conxunto de tramos de río non susceptibles de ser aproveitados para a produción de enerxía eléctrica, inicialmente son os protexidos de interese natural ou ambiental; e os obxecto de reserva hidráulica. Neste último caso, e sempre a xuízo do Organismo de Conca, poderanse tramitar aproveitamentos que reflicten nos seus condicionantes a precariedade do seu posible outorgamento."

"Estes tramos poderán ser ampliados, a proposta do Organismo de Conca, unha vez que sexan aprobados pola Xunta de Goberno de Galicia Costa. "

"Naqueles tramos de río que non teñan tal consideración avaliarase o seu potencial a cargo dos peticionarios do aproveitamento."

"Estudiar o caudal de equipamento adecuado para as máquinas a instalar. A súa elección farase de forma que a enerxía producida sexa a máxima posible en función das características hidrológicas do tramo considerado, cumprindo as especificacións do Plan Hidrológico de Galicia Costa e os condicionantes medio ambientais."

“Esixir un deseño correcto e perfectamente definido dos elementos que compoñen o aproveitamento (azude, canal, cámara de carga, tubería forzada, obra civil a realizar, camiños de acceso e obras auxiliares) e do sistema de explotación, así como do equipamento da central (turbina, xerador e mecanismo de control).”

“Estimar por parte do peticionario o grado de compatibilidade con outros usos, así como o tipo de afeccións en que incorra a súa instalación.”

“Someter as actuacións ó disposto nos condicionantes medio ambientais, en consonancia coa lexislación medio ambiental vixente e a normativa sectorial a aplicar.”

“Así mesmo, poderase declarar a caducidade dunha concesión hidroeléctrica por incumprimento de calquera das características e condicións esenciais ou prazos previstos nela. O dereito ó aproveitamento hidroeléctrico, calquera que sexa o título de adquisición, poderá declararse caducado pola interrupción permanente da explotación durante 3 anos consecutivos, sempre que dita interrupción sexa imputable ó titular.”

As condicións impostas polo Plan Hidrolóxico de Galicia Costa son recollidas no **Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa** vixente.

Neste **Documento Inicial** preséntase no punto *2.1. Alcance e contido do plan sectorial en vigor*, os obxectivos e o alcance do plan sectorial vixente, mentres que no punto *2.2. Alcance e contido da revisión*

sectorial proposta, explícanse os obxectivos a conseguir coa revisión do plan sectorial proposto e o alcance da revisión.

2.1 ALCANCE E CONTIDO DO PLAN SECTORIAL EN VIGOR

O obxectivo do **Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa** en vigor é o ordenamento da instalación de aproveitamentos hidroeléctricos ós que Augas de Galicia outorgue, ou que teña outorgados, as correspondentes concesións, simplificando todo o posible os trámites necesarios para a obtención das autorizacións administrativas necesarias, tanto no ámbito autonómico como municipal. Para iso seguíronse os principios seguintes:

- Compatibilidade coa planificación hidrolóxica de Galicia Costa
- Uso racional do dominio Público Hidráulico
- Optimización do potencial eléctrico
- Desenrolo sostible e protección do medio
- Axilización dos procedementos administrativos

O **Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas hidrográficas de Galicia Costa** desenvolve o **Plan Hidrolóxico** definindo os tramos de ríos que non son susceptibles de ser aproveitados para produción de enerxía por ser obxecto de reserva hidráulica e de asignación de recursos hídricos para usos prioritarios de abastecemento, urbano, industrial, agrario, etc., ou por preverse a instalación de unhas infraestructuras básicas requiridas pola planificación hidrolóxica, incluíndose nesta, as obras de regulación que poderán ser ou non de aproveitamento hidroeléctrico. Nestes casos

a avaliación do potencial corre a cargo dos peticionarios do aproveitamento eléctrico.

O uso racional do Dominio Público Hidráulico conséguese, no plan sectorial, compatibilizando o aproveitamento enerxético co mantemento do resto dos usos previsibles, minimizando as afeccións que poidan producirse nas fases de construción e explotación.

Como parte esencial do seu deseño, o plan sectorial vixente define os tramos de ríos susceptibles de ser aproveitados para a produción de enerxía hidroeléctrica de acordo coa morfoloxía natural da zona, os recursos dispoñibles, as afeccións previsibles e os condicionantes económicos de rendibilidade.

Así quedan definidos, dentro do plan sectorial, aqueles tramos de río, concas ou zonas que poidan ser obxectos de aproveitamento de modo xeral. A avaliación concreta do potencial de cada tramo definido, as posibilidades de aproveitamento destes e dos aproveitamentos preexistentes que poidan verse afectados por modificacións futuras, corresponden o promotor do salto.

Os tramos así definidos garanten a instalación de aproveitamentos en zonas idóneas con plena garantía de viabilidade, construción e rendibilidade. Tamén permite a definición de tramos a diminución e aforro do esforzo administrativo que supón a tramitación da petición de concesión, evitando as propostas de aproveitamentos inviables física, económica e/ou ambientalmente.

A protección do medio e dos ecosistemas fluviais conséguese no plan sectorial mediante a coordinación cos organismos con competencia en

materia de medio ambiente (concretamente coa actual Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible).

O plan sectorial recolle aquelas zonas, concas ou tramos de río que polo seu especial interese natural ou medioambiental teñen figuras de protección asociadas facendo que poida ser incompatible o aproveitamento eléctrico.

O plan sectorial tamén concreta medidas de protección e corrección ambiental que serán aplicables e recomendacións relativas á construción e explotación dos aproveitamentos. O plan sectorial tamén limita a nomear un posible método de determinación de caudais ambientais co fin de definir un marco estable que clarifique a variedade de disposicións, normas e métodos que existen o respecto.

Por último o plan sectorial vixente establece un marco normativo que garanta o procedemento administrativo dos expedientes iniciados ou outorgados polo órgano substantivo. Esta normativa consegue a optimización dos procedementos administrativos para o outorgamento de concesións como resultado da coordinación entre organismos implicados e o acercamento de posturas sectoriais.

2.2 ALCANCE DA REVISIÓN PROPOSTA DO PLAN SECTORIAL

A lexislación europea, trasladada á española mediante modificación do texto refundido da lei de augas, respecto ás políticas da auga cristalizase no ano 2000 na chamada Directiva Marco da Auga, DMA, que obriga, para a súa adaptación, a un exame de plans e programas

que teñan relación co uso da auga, sendo este o caso do **Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa**.

O alcance da **Revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas hidrográficas de Galicia Costa** supeditase ós temas afectados pola entrada en vigor da DMA, os cambios de políticas ocorridas no intervalo dende a entrada en vigor do plan sectorial, a necesidade de adaptar así mesmo o Plan Hidrolóxico vixente en Galicia Costa á nova Demarcación que inclúe tamén as augas costeiras e de transición, ás ensinanzas prácticas derivadas da súa aplicación e a súa adaptación necesaria ós cambios en política de medio ambiente ou ás novas zonas protexidas que puideran ser declaradas dende a súa entrada en vigor.

Por tanto a revisión que se propón do **Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas hidrográficas de Galicia Costa** terá en conta, como mínimo, os temas seguintes:

- Revisión dos tramos, zonas e concas en onde é permisible a instalación de sistemas de xeración de enerxía hidroeléctrica nas concas de Galicia Costa. Revisión técnica e de información utilizada á luz de nova información existente.
- Revisión dos supostos ambientais limitativos para a determinación de zonas permisibles. Tendo en conta a clasificación en masas de auga segundo a DMA e a clasificación de cada unha destas segundo o seu estado ecolóxico, determinaranse aqueles tramos ou zonas onde é posible a explotación eléctrica compatible cos supostos da DMA. Tamén se realizará unha revisión dos caudais ambientais mínimos en cada río como primeira aproximación o

problema e tendo en conta as políticas aplicadas a este tema pola administración galega actualmente.

- Revisión das concesións existentes e futuras (solicitadas) tendo en conta as revisións técnicas e ambientais realizadas. Formulación de posibles medidas correctoras.
- Revisión do procedemento administrativo de concesións e actualización das normas contidas no plan sectorial

3 DESEÑO DA REVISIÓN DO PLAN

A necesidade **Revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa** ven dictado pola necesidade de adaptalo ós contidos e supostos da DMA (*Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas*), trasladada á lexislación española mediante a "*Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e do orde social*" que modifica o "*Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, do texto refundido da Lei de Auga*".

Os antecedentes principais que se teñen en conta para os traballos de revisión son os seguintes:

- Plan hidrolóxico de Galicia Costa (outubro de 2000).
- Plan Sectorial Hidroeléctrico das concas de Galicia Costa (decembro de 2000).
- Estudos de cumprimento do artigo 5 e 6 da DMA (marzo de 2005).
- Ampliación da análises económica dos usos da auga (agosto de 2005).
- Resto de estudos que se acometeron ou que se están acometendo relativos ós usos da auga, autorizacións en DPH, e situacións extraordinarias:

Plan de abastecemento.

Plan de saneamento.

Inventario de concesións e autorizacións.

Inventario de vertidos.

Delimitación de zonas inundables.

Tendo en consideración os contidos a examinar, o desenrolo dos traballos propostos xirará en torno ós temas seguintes:

- Caracterización e asignación de usos ás masas de augas superficiais

A revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico require unha actualización da tramificación de usos que se realizou nos traballos de desenrolo do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa.

Esta actualización pode aplicarse a cada masa de auga superficial mediante a asignación de usos permitidos, prohibidos ou autorizables segundo a lexislación aplicable.

Os pasos para a asignación de usos require o coñecemento adecuado de cada masa de auga e son necesarias as seguintes actividades:

Avaliación das presións e impactos existentes sobre as masas de auga:

- Fontes puntuais de contaminación
- Fontes difusas de contaminación:
- Extraccións de auga:
- Regulacións de fluxo:

-
- Alteracións morfolóxicas:
 - Outras incidencias antropoxénicas.
 - Estudio dos impactos detectados nas augas:

Estudio do estado ecolóxico das masas de auga:

- Relación das presións detectadas cos impactos obtidos.
Determinación dos efectos das presións.
- Análise de efectos combinados e sinerxias.

Delimitación das zonas obxecto de protección (perímetros de protección):

- Zonas de protección para a vida piscícola.
- Zonas de baño.
- Zonas sensibles á contaminación por nitratos.
- Zonas sensibles á contaminación por augas residuais.
- Rede Natura 2000 e outras figuras de protección:

ZEPAs.

LICs.

Humedais RAMSAR

- Espacios de conservación da natureza:

Reserva natural.

Parque nacional.

Parque natural.

Monumento Natural.

Paisaxe protexida.

Zona de especial protección dos valores naturais.

Espacio natural de interese local.

Espacio privado de interese natural.

Delimitación de zonas obxecto de reserva para actuacións hidráulicas futuras de interese xeral, autonómico ou municipal:

- Inscripción da reserva de caudais de abastecementos previstos no libro de rexistro.

- Infraestructuras básicas requiridas pola planificación hidrolóxica

Infraestructuras de abastecemento (**Plan de Abastecemento**).

Infraestructuras de regulación (presas en estudio).

Infraestructuras de defensa (delimitación de zonas inundables).

Zonas de adecuación e recuperación de leitos.

Deslinde de DPH e ordenación hidráulica.

- Reservas para xestión de inundacións e enchentas.

-
- Reservas para xestión de secas.
 - Previsións de actuacións que requiran o mantemento do caudal (vertidos previstos, EDARs, outros usos).

- **Análise da compatibilidade dos obxectivos ambientais establecidos na Directiva Marco da Auga cos aproveitamentos hidroeléctricos existentes ou previstos**

Como consecuencia dos estudos de determinación dos obxectivos ambientais, que de acordo á DMA deben asignarse a cada masa de auga, realizase unha análise específica de compatibilidade de novos aproveitamentos hidroeléctricos coa consecución dos Obxectivos Ambientais de cada masa de auga.

- **Establecemento de criterios de avaliación de aproveitamentos enerxéticos.**

Naqueles tramos de ríos ou masas de auga onde o uso hidroeléctrico sexa autorizable estableceranse os criterios de avaliación de aproveitamentos enerxéticos de acordo o artigo 72 do **Regulamento da Administración Pública da Auga e da Planificación Hidrolóxica**. En concreto estes criterios incluírán os seguintes aspectos:

-
- Delimitación de zonas potencialmente aproveitables segundo caudais previstos e desniveis existentes.
 - Efecto sobre o estado ecolóxico do entorno. Caudais ecolóxicos necesarios.
 - Efectos sinérxicos de saltos correlativos ou en combinación con outras alteracións hidromorfolóxicas.
 - Análises custe-beneficio da actuación (incluíndo custes ambientais).

- **Análises da contribución do sector hidroeléctrico nos obxectivos enerxéticos de Galicia para enerxías renovables.**

Con carácter xeral, a planificación dos aproveitamentos hidroeléctricos debe enmarcarse dentro da política enerxética de Galicia e dos seus obxectivos específicos.

Polo tanto estúdase a contribución do sector hidroeléctrico dentro da política enerxética de Galicia tanto no referente ós grandes aproveitamentos hidroeléctricos como da minihidráulica.

Terase en conta, entre outros, o Libro Branco da enerxía de Galicia e o Plan de Fomento das Enerxías Renovables en España (1999).

4 EFECTOS PREVISIBLES DO PLAN REVISADO

A **Revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa** é, principalmente, consecuencia da necesidade de adaptar o plan sectorial vixente ós contidos da *“Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas”*, por iso as repercusións esperadas no conxunto xeral de aspectos (ambientais, sobre o territorio, sobre outros plans vixentes, sobre a normativa existente) serían mínimas, neutras ou positivas segundo que caso.

A DMA (Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas) no seu considerando inicial expón o seguinte:

- 16) É necesaria unha maior integración da protección e xestión sostible da auga noutros ámbitos políticos comunitarios, tales como as políticas en materia de enerxía, transporte, agricultura, pesca, política rexional e turismo. A presente Directiva sentará as bases dun diálogo continuado e da elaboración de estratexias encamiñadas a reforzar a integración dos diferentes ámbitos políticos. A presente Directiva pode aportar tamén unha importante contribución a outros ámbitos de cooperación entre os Estados membros, como a Perspectiva do desenrolo territorial europeo.

-
- 19) A presente Directiva ten por obxecto manter e mellorar o medio acuático da Comunidade. Este obxectivo refírese principalmente á calidade das augas afectadas. O control cuantitativo é un factor de garantía dunha boa calidade das augas e, por conseguinte, deben establecerse medidas cuantitativas subordinadas o obxectivo de garantir unha boa calidade.
 - 22) A presente Directiva debería contribuír á progresiva redución dos vertidos de sustancias perigosas na auga.
 - 25) Estableceranse definicións comúns do estado da auga en termos cualitativos e, cando atinxa á protección do medio ambiente, cuantitativos. Deben fixarse obxectivos medioambientais para garantir o bo estado das augas superficiais e subterráneas en toda a Comunidade e evitar o deterioro do estado das augas a nivel comunitario.
 - 26) Os Estados membros deben tratar de lograr o obxectivo mínimo do bo estado das augas mediante a definición e aplicación das medidas necesarias dentro dos programas integrados de medidas, tendo en conta os requisitos comunitarios existentes. Debe manterse o bo estado das augas alí onde xa exista. Polo que respecta ás augas subterráneas, ademais de cumprirse os requisitos do bo estado, deberase rexistrar e investir toda tendencia significativa e sostida á aumento da concentración de calquera contaminante.

- 31) Nos casos en que unha masa de auga estea tan afectada pola actividade humana ou a súa condición natural sexa tal que poida resultar imposible ou desproporcionadamente custoso mellorar o seu estado, poderán establecerse obxectivos medioambientais menos rigorosos con arranxo a criterios adecuados, evidentes e transparentes, debendo adoptarse todas as medidas viables para evitar o empeoramento do seu estado.
- 38) O uso de instrumentos económicos polos Estados membros pode resultar axeitado no marco dun programa de medidas. O principio de recuperación dos custos dos servicios relacionados coa auga, incluídos os custos medioambientais e os relativos ós recursos asociados ós danos ou ós efectos adversos sobre o medio acuático, deben terse en conta, en particular, en virtude do principio de que quen contamina paga. Con este fin, será necesaria unha análise económica dos servicios da auga baseada en previsións a longo prazo da oferta e a demanda de auga na demarcación hidrográfica.

Neste preámbulo xa se expoñen os obxectivos da Directiva, os aquí citados teñen que ver cos obxectivos e adaptación do **Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa** e a súa posible afección a determinados ámbitos.

O artigo 1 da directiva di:

“O obxecto da presente Directiva é establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que:

a) preveñan todo deterioro adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto as súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humedais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos;

(...)"

Os obxectivos ambientais da Directiva recóllense no *artigo 4: Obxectivos medio ambientais*. Para as augas superficiais no seu apartado (i) di:

"Os Estados membros haberán de aplicar as medidas necesarias para previr o deterioro do estado de todas as masas de auga superficial, sen prexuízo dos apartados 6 e 7 e non obstante o disposto no apartado 8"

Segundo o exposto no considerando e no resto da lei, analízase a posible repercusión da **Revisión do Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa** nos distintos ámbitos do seu desenvolvemento.

4.1 AMBIENTAIS

A adaptación do plan sectorial á normativa xurdida da DMA implica para as concesións futuras e en trámite suspendido, a necesidade de demostrar que o aproveitamento futuro non detrae da calidade da masa de auga onde se inscribe a petición.

Ademais, segundo a clasificación de estado ecolóxico outorgada á masa de auga onde se inscribe a petición de aproveitamento, deberá

demostrar o petionario que non impide o desenvolvemento das medidas aplicadas a esa masa de auga para conseguir un estado ecolóxico aceptable ou superior.

Esta necesidade de conformar os aproveitamentos futuros e os actualmente en trámite ós obxectivos da DMA permite asegurar que o impacto sobre os ríos será mínimo ou nulo.

A revisión do plan sectorial determinará cales daquelas concesións en vigor ou xa caducadas cumpren, ou impiden cumprir os obxectivos da DMA naquelas masas onde se inclúen. En vista dos resultados e das medidas propostas para conseguir o bo estado ecolóxico das masas de auga, poderase determinar recomendacións sobre o seu funcionamento e o seu futuro co fin de asegurar que os efectos ambientais previsibles son nulos ou reducidos.

Con respecto a outros aspectos do medio afectados, as ferramentas legislativas de Avaliación de Impacto Ambiental son suficientes para asegurar que, sexa cal sexa o resultado da revisión sectorial en marcha, o medio ambiente non sairá prexudicado de forma notoria (camiños de acceso, liñas eléctricas, son necesarias para a plena funcionalidade dos aproveitamentos hidroeléctricos).

4.2 SOBRE O TERRITORIO

Os plans territoriais e aquela normativa existente que afecte ós cursos de auga e o dominio público hidráulico (leis do chan, plans de ordenación urbana, ...) deberán de ter en conta las prescricións da DMA e modificarse de acordo con ela.

Como o actual plan sectorial (e a revisión propón) se cinxe á lexislación vixente e plans urbanos vixentes, non se considera que as posibles modificacións ó plan teñan un efecto significativo sobre elas.

4.3 SOBRE OUTROS PLANS

O **Plan Hidrológico de Galicia Costa** debe adaptarse tamén ás prescricións da DMA e recollidas na lexislación española. O plan hidrológico debe recoller o plan de medidas que se propoñen para as masas de auga co fin de conseguir os obxectivos de estado ecológico fixados pola Directiva.

Dende un punto de vista de xerarquía o plan sectorial atópase subordinado o plan hidrológico. Na normativa deste encóntranse as liñas xerais que permiten a definición do plan hidroeléctrico.

O plan hidrológico comeza os traballos de adaptación á DMA (esixe unha revisión dos plans hidrológicos de conca ou a súa redacción se non existen) no mesmo rango de tempo que estes traballos de revisión do plan sectorial, de tal forma que certos traballos da planificación hidrológica, que teñen relación co plan sectorial, realizaranse de forma paralela asegurando desta forma a validez da revisión dende o seu comezo.

Por todo iso non se espera que esta revisión do plan sectorial modifique, inflúa ou altere o **Plan Hidrológico de Galicia Costa** de forma negativa.

Os plans de abastecemento e de saneamento, que as súas directrices se recollen no plan hidrológico, serán examinados no mesmo intervalo

de tempo que o plan sectorial, dentro dos traballos de adaptación do plan hidrolóxico. Desta forma non se espera que a revisión teña ningunha repercusión negativa sobre estes plans debido á coordinación que se produce.

Con respecto a outros plans en vigor (plans sobre fomento das enerxías renovables dentro da redución de gases de efecto invernadoiro, etc.) en primeira instancia espérase que os resultados da revisión do plan sectorial impliquen lixeiras consecuencias negativas tendo en conta a importancia da enerxía provinte de minicentraís hidroeléctricas no conxunto da xeración de enerxía eléctrica.

4.4 SOBRE NORMATIVA APLICABLE

Non se espera ningunha repercusión negativa sobre ningún tipo de normativa existente debido os posibles cambios que se produzan na normativa proposta no **Novo Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa**.